

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 14/06/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira

Soledad Vilela Romero

Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **14/06/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 31 de Maio de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de AMADOR JOSÉ LEMA RODRÍGUEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.005 de 20/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na reparación dun patio sen modificación da estrutura actual mediante a colocación de plaqueta pola parte dianteira dunha vivenda (Referencia Catastral 8609327MH7580N0001RT) mediante a ocupación da vía pública con colector de obra.-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de

data 4 de Xuño de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de ROSA TRABA MARTINEZ, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.223 de 14/05/2018) para proceder ó lavado da cuberta dunha vivenda (Referencia Catastral 8609307MH7580N0001HT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xuño de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de RAMÓN TRILLO MARCOTE, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 1.256 de 16/05/201) para proceder ó lavado de fachadas e cuberta con auga a presión nunha edificación (Referencia Catastral 8507409MH7580N0001DT),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xuño de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de MARÍA DEL PINO GARCÍA MONTESDEOCA, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 893 12/04/2018) para proceder ás obras de reparación dun balcón existente nunha vivenda (Referencia Catastral 8605703MH7580N0001XT) sen modificación do actual deseño .-

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 4 de Xuño de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **MANUELA CLEMENTINA LEMA VÁZQUEZ**, veciña de Fisterra (Rexistro de Entrada 638 8/03/2018) para proceder á realización de obras de conservación da fachada e pintado da mesma en cor branco nunha vivenda (Referencia Catastral 000603000MH85C0001DL),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 13 de Xuño de 2018 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia, **condicionada a que deberá axustarse na súa totalidade ás condicións impostas pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en Informe emitido con data 4/06/2018 que consta no expediente**; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) Vista a Comunicación Previa presentada por parte de **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) (Rexistro de Entrada 980 de 18/04/2018) para proceder á realización de obras consistentes na instalación dunha rede de Baixa tensión Subterránea de 17 metros de canalización coa finalidade de dar servizo a unha vivenda sita Rúa da Marina da localidade de Sardiñeiro de Abaixo neste Termo Municipal de Fisterra,

Resultando que do informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística na acta de comprobación documental de data 13 de Xuño de 2018 se determina que dada a situación da edificación e a localización da caixa xeral de protección que se pretende realizar segundo o proxecto presentado, dentro do viario previsto nas Normas

Urbanísticas vixentes, non se poden levar a cabo ditas actuacións por non cumprir coa normativa urbanística vixente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda Denegar á promotora o título habilitante polas razóns antes expostas.-

C) REORGANIZACIÓN PARCELAS

Examinada a petición formulada por parte de ANDREA MARÍA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ e AMELIA OUTES LIÑEIRO, veciñas de Fisterra (Rexistro Xeral de Entrada 1325 de 10/05/2018) sobre solicitude de licenza para reorganización de parcelas sitas no paraxe denominado "Prado do Raio" na Rúa Mar de Fóra deste Termo Municipal,

Vista a Memoria redactada pola Enxeñeira Técnico Agrícola Felicitas Fernández Liñares de data Maio 2017 así como o Informe favorable emitido pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 11 de Xuño de 2018 que constan no expediente,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Conceder Licenza a ANDREA MARÍA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ e a AMELIA OUTES LIÑEIRO, para proceder á reorganización das seguintes Parcelas sitas nesa zona :

PARCELA 1	Referencia Catastral	Superficie Neta
Amelia Outes Liñeiro	15038A032007960000FT	510 m2

PARCELA 1	Referencia Catastral	Superficie Neta
Andrea Mª Rodríguez Vázquez	15038A032007970000FF	444 m2

Todo isto por axustarse á legalidade de conformidade co previsto no Artigo 149, parágrafo 2 da vixente Lei do Solo de Galicia.-

2º.- Notificar este acordo ás promotoras para o seu coñecemento e demais efectos.

3º.- Asuntos varios.-

EXPEDIENTE CONTRATACIÓN CAMIÑOS MUNICIPAIS AGADER.--

Vista a Resolución dictada por parte do Director da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) de data 2 de Maio de 2018

(Expediente PM2018-284) sobre Concesión de Axuda polo importe de Trinta e tres mil seiscientos oitenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (33.682,56 €) para levar a cabo a execución de Obras denominadas " Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Camiño de Escaselas a Praia de Rostro ", a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Iniciar expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado para levar a cabo a citada Obra cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta mil setecentos cincuenta e cinco euros con noventa céntimos (40.755,90 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base o Proxecto redactado pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación.----

2) Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particular que consta no expediente

2) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico "Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de Dez días hábiles (10) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo no citado xornal así como no Perfil do Contratante.-

CERTIFICACIÓN DE OBRA

Unha vez examinada e encontrándoa conforme por axustarse a realidade, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Prestar a súa aprobación a Certificación única da Obra denominada " Mellora de Camiños Municipais 2017-2018 " por un importe de Trinta e dous mil oitocentos oitenta e catro euros con setenta e seis céntimos (32.884,76 €) incluída no Plan de Camiños da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, debidamente asinada polo Contratista adxudicatario Excavaciones Pose S.L. e Directora de Obra que consta no expediente.-

2) Remitir certificación deste acordo a Axencia Galega para o seu coñecemento e libramento da Subvención concedida para tal finalidade.-

AXUDAS ECONÓMICAS

- A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a A. C. D. Rapacollons Big Band , con CIF G70523766 e domicilio social no Paseo Calafigueira, 3 Baixo da Vila de Fisterra unha axuda económica polo importe de Cincocentos euros (500,00 €) para financiar parte dos gastos que se orixinen co motivo da organización do

2º Entroido de Verán 2018, que deberán ser xustificadas ante este Concello ata o día 31 de Decembro .-

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a C. A. S., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, por tratarse de persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a M. C. L. C., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, por tratarse de persoa carente de medios económicos.-**

- Visto o **Informe favorable emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** desta Corporación que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a R. M. C., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para gastos de primeira necesidade, por tratarse de persoa carente de medios económicos.**

TELESCOPIO PANORÁMICO

Vista a solicitude presentada co número 470 (RE) de 12/2/2013 por **Pedro Oliver Moure Santos**, na que solicita licenza municipal para a instalación de 2 telescopios vista panorámica nas inmediacións do Faro de Fisterra.

Tendo en conta que no expediente consta informe emitido con data 27/5/013 polo Servizo de Conservación da Natureza, dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia do que se desprende que non atopan inconvincente á instalacións de 2 telescopios

Considerando que co número 1656 (RE) de 6/6/2017, Pedro Oliver Moure Santos, na que solicita licenza municipal para a instalación de 2 telescopios vista panorámica nas inmediacións do Faro de Fisterra.

Tendo en conta que no expediente consta informe emitido con data 08/08/2017 polo Servizo de Conseravación da Natureza, dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia do que se desprende que a colocación de 2 telescopios nas proximidades do Faro de Fisterra, vulnera o establecido no Plan Director da Rede Natura 2000.

Tendo en conta que no expediente consta informe emitido con data 4/9/2017 pola Dirección Xeral de Patrimonio dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia do que se

desprende que autoriza a instalación do telescopio numero 2 nas proximidades do faro.

Tendo en conta que no expediente consta informe emitido con data 10/4/2018 polo Servizo de Conservación da Natureza dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, do que se desprende que “non aprecia contraindicacións para levar a cabo a instalación solicitada”.

Tendo en conta que no expediente consta outorgamento da autorización administrativa concedida con data 16/5/2018 pola Autoridade Portuaria de A Coruña.

Considerando que no expediente consta informe técnico favorable de data 11/6/2018 emitido pola arquitecta que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Autorizar a Pedro Oliver Moure Santos, para a instalación do telescopio número 2 que pretende instalar nas inmediacións do faro de Fisterra.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

TERRAZAS

A) Visto expediente iniciado co número **803 (RE)** de **28/3/2018** a nome de **José Ignacio Formoso Martínez**, no que solicita autorización para a ocupación de 6,74 x 1,73 metros da vía pública (11,66 m²) para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral, na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “LECER” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2018.

Deixando a salvo o dereito da propiedade, e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e despois de ver o informe favorable emitido pola arquitecta que presenta servizos en materia urbanística nesta corporación o pasado día 14/6/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ó solicitado por José Ignacio Formoso Martínez, e concederlle licenza para ocupar 11,66 m² da vía pública para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “LECER” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2018, sempre e cando se coloque cando a rúa Real sexa peonil, circunstancia que lle será comunicada.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

B) Visto expediente iniciado co número **1061** (RE) de **26/4/2018** a nome de **Leonel Fabián Marcote Piñero**, no que solicita autorización para a ocupación de 1,50 x 5,93 metros da vía pública (8,90 m²) para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral, na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “REAL, 42” e que se localiza nesa zoa, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2018.

Deixando a salvo o dereito da propiedade, e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e despois de ver o informe favorable emitido pola arquitecto que presenta servizos en materia urbanística nesta corporación o pasado día 14/6/2018, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º Acceder ó solicitado por Leonel Fabián Marcote Piñero, e concederlle licenza para ocupar 8,90 m² da vía pública para colocar mesas e cadeiras cun peche de madeira como protección lateral na rúa Real desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “REAL, 42” e que se localiza nesa zona, durante a tempada que vai do 1/3 ao 30/10/2018, sempre e cando se coloque cando a rúa Real sexa peonil, circunstancia que lle será comunicada.

2º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21: 25 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.